

ACTA

Da sesión **ordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

28 de abril de 2023

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas do día vinte e oito de abril de dous mil vinte e tres, baixo a presidencia da Ilma. Sra. Presidenta Dona María del Carmen Silva Rego (PSdeG-PSOE), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos Don Gregorio Luís Agís Gómez (PSdeG-PSOE), Dona María Victoria Alonso Méndez (PSdeG-PSOE), Don Uxío Benítez Fernández (BNG), Don Jorge Cubela López (PP), Don Miguel Adolfo Domínguez Alfonso (PP), Dona María Elena Estévez Freire (PP), Dona Olga María García Ballesteros (PSdeG-PSOE), Dona Raquel Giráldez Armas (PSdeG-PSOE), Don Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), Don Manuel González Martínez (PSdeG-PSOE), Dona Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), Dona María Paz Lago Martínez (PP), Dona Iria Lamas Salgueiro (PSdeG-PSOE), Don José Carlos López Campos (PP), Don Carlos López Font (PSdeG-PSOE), Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), Don Ignacio Maril Pardo (PP), Don José Alfonso Marnotes González (PP), Dona Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), Don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), Dona María Ortega Iñarrea (BNG), Dona Noemí Outeda Prol (PSdeG-PSOE), Dona María José Pardo Pumar (PP), Don Santos Héctor Rodríguez Díaz (PSdeG-PSOE) e Don Javier Tourís Romero (PP), co obxecto de celebrar sesión ordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Non asiste o Sr. Deputado Don Angel Rodal Almuíña (PP).

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Sra. Presidenta.- Bueno, bo día a todas e a todos. Imos a iniciar o Pleno ordinario de 28 de abril de 2023, pero antes de comezar coa orde do día temos unha petición para facer unha intervención, foi solicitada por Nuria Carballedo Feijóo en calidade de Presidenta da Asociación Galega de Lupus Agal, que vai a ler unha declaración, un manifesto sobre esta doenza que padecen tantas persoas no mundo, que provoca tanto sufrimento en tanta xente,



para que todas e todos nós como representantes públicos tomemos nota desta situación. No nome de toda a corporación quero darlle a benvida e tamén poñernos todas e todos á súa disposición para as reclamacións que como organización veñen desenvolvendo. Así que dona Nuria Carballeda Feijoo ten vostede a palabra.

Nestes intres intervén a Presidenta da Asociación Galega de Lupus Agal, Nuria Carballeda Feijoo, e procede a dar lectura á declaración.

Sra. Presidenta.- Moitas gracias Sra. Carballeda, estou segura que falo no nome de toda a Corporación, tomamos nota de todas as reclamacións e nos comprometemos a remitirlas ás administracións competentes e tamén, pois a poñernos a disposición da súa asociación para todas aquelas cuestións que vostedes consideren que nós podemos facer. Dende logo, o noso recoñecemento e apoio ás asociacións que loitan porque se mellore os tratamentos e a atención ás persoas que padecen lupus e tamén o noso recoñecemento e apoio ás propias persoas que o padecen. Moitas gracias por usar este Pleno da Deputación para facer as súas reclamacións, moitas gracias.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

Sra. Presidenta.- E agora, pois iniciamos xa a orde do día de este pleno ordinario de 28 de abril de 2023.

1.7982.- **ACTA ANTERIOR**

Sra. Presidenta.- No punto 1. Acta anterior, supoño que non hai ningunha observación. Polo tanto, acordamos aprobala por unanimidade.

Acórdase, por unanimidade, aprobar o borrador da acta da anterior sesión ordinaria de 31 de marzo de 2023.

a) Parte resolutiva:

2.7983.- **DECLARAR DESERTO O CONCURSO PÚBLICO CONVOCADO PARA O ALLEAMENTO OU CONSTITUCIÓN DUN DEREITO DE SUPERFICIE, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DE VARIAS PARCELAS (19) RESULTANTES DO PROXECTO DE**



**PARCELACIÓN DO PLAN DE SECTORIZACIÓN DO
SOLO URBANIZABLE INDUSTRIAL OUTEDA-CURRO
(SRAU-I OUTEDA-CURRO), CONCELLO DE BARRO
(EXPTES. 2023028616-2023009247-2023007554)**

Sra. Presidenta.- Na parte resolutiva. No punto 2 da orde do día. Declarar deserto o concurso público convocado para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie mediante procedemento aberto de varias parcelas (19) resultantes do proxecto de parcelación do Plan de sectorización do solo urbanizable industrial Outeda-Curro no Concello de Barro. ¿Algunha observación? Pois si non hai, someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria do día 24 de febreiro de 2023, aprobou o expediente do concurso público para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie, mediante procedemento aberto, de 19 parcelas resultantes do proxecto de parcelación do Polígono Industrial Outeda-Curro (SRAU-I Outeda-Curro), no Concello de Barro, polos importes que figuraban para cada parcela no anexo IV do prego de cláusulas económicas administrativas, a razón de 99,00€/m², IVE excluído, e de 119,79€/m², IVE engadido.

Resultando que na citada sesión tamén se acordou aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas deste concurso público, asinado dixitalmente polo Técnico Colaborador do Polígono Industrial Outeda-Curro co código de verificación CSV:4CJZ101X138BVJC, así como dispoñer a apertura dun prazo de presentación de ofertas que remataba as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, contados desde o día seguinte á publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante e no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO).

Resultando que en data 1 de marzo de 2023 publicouse o anuncio de licitación no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 42. Así mesmo, publicáronse o prego de cláusulas económico-administrativas e anexos deste procedemento aberto.

Resultando que rematado o prazo de presentación de ofertas ás 10:00 horas do día 3 de abril de 2023, non se recibiu ningunha proposta ó respecto.



Resultando que a Mesa de Contratación, na reunión do día 14 de abril de 2023, toma coñecemento da non presentación de ofertas e propón ao órgano de contratación declarar deserto o citado procedemento.

Resultando que a cláusula vixésima do prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexe este concurso público recolle o seguinte:

“Si tras la licitación pública quedan desiertas parcelas, el órgano de contratación podrá acordar la enajenación directa, por el plazo de un año a contar desde la publicación en el BOPPO y en el Perfil de Contratante del acuerdo del Pleno de la Corporación, de la adjudicación de los derechos de propiedad y superficie en el caso de existir ofertas que cumplan las condiciones del pliego. La enajenación directa se haría en iguales condiciones a las que se ofertaron en el pliego del concurso y previa aceptación de tales condiciones en su totalidad por los posibles adquirentes.”.

Resultando que o artigo 137.4.d) da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, establece que no alleamento de inmobles poderase acordar a adxudicación directa *“Cuando fuera declarada desierta la subasta o concurso promovidos para la enajenación o éstos resultasen fallidos como consecuencia del incumplimiento de sus obligaciones por parte del adjudicatario, siempre que no hubiese transcurrido más de un año desde la celebración de los mismos. En este caso, las condiciones de la enajenación no podrán ser inferiores de las anunciadas previamente o de aquellas en que se hubiese producido la adjudicación”.*

Resultando que o artigo 331.2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, regula o procedemento de alleamento ou permuta dos bens do patrimonio público do solo, indicando que se realizará por un prezo non inferior ao do seu aproveitamento urbanístico e na forma establecida na lexislación reguladora do Patrimonio das Administracións Públicas. Con todo, recolle unha previsión expresa de alleamento directo nas mesmas condicións durante un ano para o suposto de que o concurso que sexa tramitado para ese efecto quedase deserto.

Resultando que en calquera caso, tal e como aparece reflectido nos pregos e ao obxecto de salvagardar os principios de publicidade, igualdade e libre concorrência, a adxudicación directa farase nas mesmas condicións ás que se



ofertaron no prego do concurso e previa aceptación de tales condicións na súa totalidade polos posibles adquirentes.

Considerando o establecido nos artigos 137.4.d) da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, e 331.2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e visto, así mesmo, o informe do Técnico-Colaborador do Polígono Industrial, de data 14 de abril de 2023, favorable ao alleamento ou constitución do dereito de superficie, por adxudicación directa, das 19 parcelas que quedaron desertas.

Considerando que conforme á disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, correspóndelle ao Pleno a competencia neste expediente.

Á vista do exposto, o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda por unanimidade:

1. Declarar deserto o concurso público para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie, mediante procedemento aberto, de 19 parcelas resultantes do proxecto de parcelación do Polígono Industrial Outeda-Curro (SRAU-I Outeda-Curro), no Concello de Barro, por non presentarse licitadores interesados na adxudicación das mesmas.
2. Efectuar o alleamento ou constitución dun dereito de superficie, por adxudicación directa, das 19 parcelas que quedaron desertas durante o prazo dun ano a contar dende a publicación deste acordo plenario no Boletín Oficial da Provincia e no Perfil de Contratante da Deputación de Pontevedra; dita adxudicación farase en iguais condicións ás que se ofertaron no prego deste concurso, previa aceptación de tales condicións na súa totalidade polos posibles adquirentes, coa finalidade de salvagardar os principios de publicidade, igualdade e libre concorrencia.

3.7984.- **APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO PARA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA NOS CENTROS E SERVIZOS DA**



DEPUTACIÓN (EXPTES. 2023028617-2022035707-2018058000)

Sra. Presidenta.- No punto 3. Aprobación da segunda prórroga do contrato para prestación do Servizo de limpeza nos centros e servizos da Deputación. Non habendo peticións de intervencións, someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

Por medio do acordo 5.7413, na sesión ordinaria do día 28 de febreiro de 2020, o Pleno da Deputación de Pontevedra acordou a adxudicación por lotes do contrato para a prestación do Servizo de limpeza nos centros e servizos da Deputación de Pontevedra ás seguintes empresas e polos seguintes importes ofertados para 2 anos de contrato:

- Lote 1. Servizos Centrais adxudicouse á empresa Limpiezas Cíes, S.L. (B36631935) polo seguinte importe:

Prezo ofertado a tanto alzado para 2 anos de contrato (sen IVE)	1.100.000,00€
IVE (21%)	231.000,00€
Prezo ofertado a tanto alzado para 2 anos de contrato (con IVE)	1.331.000,00€

- Lote 2. Servizo de Turismo Rías Baixas adxudicouse á empresa Eulen, S.A. (A28517308) polo seguinte importe:

Prezo ofertado a tanto alzado para 2 anos de contrato (sen IVE)	197.167,57€
IVE (21%)	41.405,19€
Prezo ofertado a tanto alzado para 2 anos de contrato (con IVE)	238.572,76€

- Lote 3. Museo de Pontevedra adxudicouse á empresa Limpiezas Cíes, S.L. (B36631935) polo seguinte importe:

Prezo ofertado a tanto alzado para 2 anos de contrato (sen IVE)	240.000,00€
IVE (21%)	50.400,00€
Prezo ofertado a tanto alzado para 2 anos de contrato (con IVE)	290.400,00€

- Lote 4. ORAL adxudicouse á empresa Limpiezas Cíes, S.L. (B36631935) polo seguinte importe:

Prezo ofertado a tanto alzado para 2 anos de contrato (sen IVE)	177.600,00€
---	-------------



IVE (21%)	37.296,00€
Prezo ofertado a tanto alzado para 2 anos de contrato (con IVE)	214.896,00€

- Lote 5. Centro Príncipe Felipe adxudicouse á empresa Eulen, S.A. (A28517308) polo seguinte importe:

Prezo ofertado a tanto alzado para 2 anos de contrato (sen IVE)	1.032.500,00€
IVE (21%)	216.825,00€
Prezo ofertado a tanto alzado para 2 anos de contrato (con IVE)	1.249.325,00€

Os contratos de cada un dos lotes formalizáronse en documento administrativo de data 29 de maio de 2020 e o prazo de duración era de dous anos desde o 1 de xuño de 2020, establecéndose a posibilidade de tres prórrogas de un ano de duración cada unha delas.

O Pleno provincial aprobou, mediante acordo adoptado na súa sesión ordinaria de data 27 de maio de 2022, a primeira prórroga de todos os lotes do contrato de “Servizo de limpeza nos centros e servizos da Deputación de Pontevedra”, corrixido mediante acordo nº 11.7819 do Pleno provincial de data 23 de xuño de 2022, dende o 1 de xuño de 2022 e ata o 31 de maio de 2023, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

Así mesmo, aprobáronse as seguintes modificacións:

- Primeira modificación aprobada por acordo do Pleno nº 6.7507 de data 30 de outubro de 2020.
- Segunda modificación aprobada por acordo da Xunta de Goberno nº 16.29957 de data 19 de febreiro de 2021.
- Terceira modificación aprobada por acordo da Xunta de Goberno nº 17.30536 de data 9 de xullo de 2021.
- Axuste organizativo temporal aprobado por acordo da Xunta de Goberno nº 9.32446 de data 17 de marzo de 2023.

Con data 30 de marzo de 2023 o Xefe de Servizo de Contratación (en calidade de responsable do Lote 1 do contrato) en informe conxunto coa Xefa do Servizo de Turismo Rías Baixas (responsable do Lote 2), coa Xefa do Servizo do Museo (responsable do Lote 3), coa Xefa de Xestión dos Servizos do ORAL (responsable do Lote 4) e coa Xefa Administrativa do Centro Príncipe Felipe (responsable do Lote 5), emiten informe no que se solicita prorrogar todos os



lotes do devandito contrato polo período de un ano, con efectos dende o 1 de xuño de 2023 e ata o 31 de maio de 2024.

Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso se poderá producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Tendo en conta que se formularon os preavisos de prórroga de todos os lotes do contrato en data 6 de marzo de 2023, e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración dos contratos.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do Secretario Xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

De conformidade co informe conxunto dos Servizos de Contratación, a Secretaría e a Intervención (CSV: 6WBE31UAGJQPAMAE) de data 17 de abril do 2023, que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, dos informes dos/das responsables dos lotes do contrato, infórmase favorablemente a proposta de segunda prórroga de todos os lotes do contrato por unha anualidade, desde o 1 de xuño do 2023 ata o 31 de maio do 2024. O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é o Pleno provincial. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 1 de xuño de 2023.”

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta ó Pleno para actuar coma órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o establecido nas Bases de execución do orzamento provincial.



O Pleno de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a segunda prórroga dos lotes 1, 2, 3, 4 e 5 do contrato para a prestación do “*Servizo de limpeza nos centros e servizos da Deputación de Pontevedra*” subscrito coas empresas:

- Lote 1. Servizos Centrais: Limpiezas Cíes, S.L. (B36631935).
- Lote 2. Servizo de Turismo Rías Baixas: Eulen, S.A. (A28517308).
- Lote 3. Museo de Pontevedra: Limpiezas Cíes, S.L. (B36631935).
- Lote 4. ORAL: Limpiezas Cíes, S.L. (B36631935).
- Lote 5. Centro Príncipe Felipe: Eulen, S.A. (A28517308).

Durante o período que vai desde o 1 de xuño do 2023 ata o 31 de maio do 2024, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen, máis aló das modificacións aprobadas.

O importe do gasto, para toda a duración da prórroga do contrato (1 de xuño do 2023 ata o 31 de maio do 2024), é de 1.675.026,97 € (máis un 10% de servizos extraordinarios por 167.502,70 €) e financiarase conforme ao seguinte:

		Aplicación orzamentaria	Importe 2023 (01/06 A 31/12)		Importe 2024 (01/01 A 31/05)	
			Importe 2023 (con IVE)	10% con IVE (servizos extraord.)	Importe 2024 (con IVE)	10% con IVE (servizos extraord.)
Lote 1	Pazo Provincial	920.9200.227.00	106.468,58 €	10.646,86 €	76.048,98 €	7.604,90 €
	Edificio Administrativo		51.834,20 €	5.183,42 €	37.024,43 €	3.702,44 €
	Sede Vigo		23.646,63 €	2.364,66 €	16.890,45 €	1.689,05 €
	EF Areeiro	413.4123.227.00	46.345,98 €	4.634,60 €	33.104,27 €	3.310,43 €
	Escola Cantería	324.3243.227.00	17.851,20 €	1.785,12 €	12.750,86 €	1.275,09 €
	Edificio Aperos Soutomaioir	410.4100.227.00	13.794,16 €	1.379,42 €	9.852,97 €	985,30 €
	Imprenta Provincial	924.9240.227.00	6.189,62 €	618,96 €	4.421,16 €	442,12 €
	Servizo Mobilidade	456.4530.227.00	14.416,05 €	1.441,61 €	10.297,18 €	1.029,72 €
	Servizo Asistencia Intermunicipal	923.1623.227.00	6.222,40 €	622,24 €	4.444,57 €	444,46 €
	Servizo Patrimonio Documental e Bibliográfico	332.3322.227.00	30.344,03 €	3.034,40 €	21.674,31 €	2.167,43 €
	Finca Mouriscade	410.4120.227.00	21.127,74 €	2.112,77 €	15.091,24 €	1.509,12 €



	Viveros Empresas	942.4330.227.00	32.982,01 €	3.298,20 €	23.558,58 €	2.355,86 €
	CSAE	942.4331.227.00	5.594,86 €	559,49 €	3.996,33 €	399,63 €
Lote 2	Palacete das Mendoza	433.4320.227.00	37.353,89 €	3.735,39 €	26.681,35 €	2.668,14 €
	OIT Armenteira		516,16 €	51,62 €	368,69 €	36,87 €
	PIT Peinador		542,84 €	54,28 €	387,74 €	38,77 €
	Castelo Soutomaior	433.3360.227.00	31.170,87 €	3.117,09 €	22.264,91 €	2.226,49 €
Lote 3	Museo de Pontevedra	333.3330.227.00	84.700,00 €	8.470,00 €	60.500,00 €	6.050,00 €
Lote 4	Servizos Centrais ORAL	932.9320.227.00	32.861,14 €	3.286,11 €	23.472,25 €	2.347,23 €
	Oficinas Periféricas ORAL		48.750,27 €	4.875,03 €	34.821,62 €	3.482,16 €
Lote 5	Centro Príncipe Felipe	232.2312.227.00	364.386,43 €	36.438,64 €	260.276,02 €	26.027,60 €

4.7985.- **APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA 1/2023 (EXPTES. 2023028619-2023027733)**

Sra. Presidenta.- No punto 4. Aprobación inicial do expediente de suplementos de crédito da Escola Universitaria de Enfermería. Non habendo solicitude de palabras, someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

Desde a dirección da Escola Universitaria de Enfermería púxose de manifesto ante o Padroado a necesidade de acometer as modificacións necesarias para substituír a iluminación nas instalacións do Centro ao obxecto de dar cumprimento á normativa relativa ao aforro enerxético, motivo polo que se solicitou do Servizo de Arquitectura a realización dunha memoria técnica para mellorar a iluminación das plantas 4ª e 5ª das instalacións da Escola no Hospital Provincial de Pontevedra.

A memoria técnica elaborada polo Servizo de Arquitectura recolle a realización de traballos por un importe máximo de 26.013,67, IVE incluído, que se poden coordinar co normal uso da Escola nos horarios adecuados para dotar as instalacións do Centro de luminarias “led” que substitúan aos fluorescentes actuais para conseguir unha redución do consumo enerxético en torno ao 60% e que inclúe así mesmo a substitución de todas as luminarias de emerxencia por outras de tecnoloxía “led” e de menor consumo que as actuais.



Resultando que o Padroado da Escola Universitaria de Enfermería na reunión que tivo lugar o día 16 de marzo de 2023, adoptou o acordo de aprobar o expediente de suplemento de crédito número 1/2023, por importe global de 26.013,67 euros. Este expediente inclúe o incremento do crédito na aplicación 22/831.3261.213.00 (Reparación e conservación maquinaria e instalacións) en 26.013,67 euros, para afrontar os gastos de dotación, ás instalacións da Escola, de luminarias “led” que substitúan aos fluorescentes actuais así como a substitución de todas as luminarias de emerxencia por outras de tecnoloxía “led” e de menor consumo que as actuais.

Resultando que a Intervención emite informe de data 13 de abril de 2023, no que indica que este expediente de suplemento de crédito número 1/2023 da Escola Universitaria de Enfermería cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como en relación cos recursos que os financian, remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, respectando o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto no artigo 177 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e nos artigos 2, 3, 11, 27 e demais concordantes da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, así como nas bases de execución do vixente orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de suplemento de crédito número 1/2023 da Escola Universitaria de Enfermería.

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda por unanimidade:

Primeiro: Aprobar o expediente de suplemento de crédito número 1/2023 da Escola Universitaria de Enfermería, por importe global de vinte e seis mil trece euros con sesenta e sete céntimos (26.013,67 €), que se financia con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, e de acordo co seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria	Importe incremento	Financiamento/Aplicación
22/831.3261.213.00 (Reparación e conservación maquinaria e instalacións)	26.013,67 €	Remanente Líquido Tesourería 831.870.02



Segundo: Este expediente de suplemento de crédito número 1/2023 da Escola Universitaria de Enfermería, exporase ó público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación dun anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

De acordo co establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, durante o prazo de exposición pública, publicaranse na páxina web “www.depo.gal”, a través do enlace correspondente a documentos expostos a información pública <https://www.depo.gal/transparencia/informacion-xuridica-e-patrimonial/documentos-expostos-a-informacion-publica> as correspondentes memorias xustificativas, informes, e demais documentación que constan no expediente de suplemento de crédito número 1/2023 da Escola Universitaria de Enfermería.

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de suplemento de crédito número 1/2023 da Escola Universitaria de Enfermería, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formularsen reclamacións contra o mesmo.

5.7986.- **APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DO ROSAL PARA REALIZAR A ACTUACIÓN “REMODELACIÓN DA PRAZA DO CALVARIO” AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON, PARA REAXUSTAR O FINANCIAMENTO (EXPTES. 2021039566-2023029507)**

Sra. Presidenta.- No punto 5. Aprobación da modificación do acordo de concesión dunha subvención ao Concello do Rosal para realizar a actuación “Remodelación da praza do Calvario” ao abeiro do Programa Reacpon, para



reaxustar o financiamento. Non hai intervencións, someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello do Rosal con destino á execución da actuación denominada “Remodelación da Praza do Calvario”, ao abeiro do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-Covid-19- Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- O orzamento do investimento ascendía a 1.518.474,44€ e a subvención concedida a 517.938,05€ (34,11%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 1.000.536,39€ (65,89%).
- De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. RP2022000592 de 28/01/2022 aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 04/02/2022.
- Na data 25/11/2021 o concello adxudica a realización do investimento por importe de 1.242.415,78€ (IVE incluído), cun orzamento de licitación de 1.518.474,44€, do que resulta unha porcentaxe de adxudicación de 81,82% e unha baixa de 276.058,66€ (18,18%), formalizándose o contrato administrativo o 22/12/2021.
- Na data 14/07/2022 o concello presenta un proxecto modificado, aprobado polo Pleno da Deputación mediante o acordo núm. 5.7831 adoptado na sesión do día 29/07/2022. O orzamento do proxecto modificado ascende a 1.717.058,12€, o que supón un incremento de 198.583,68€ que, ao aplicarlle a porcentaxe de adxudicación, resulta un importe de 162.481,17€, que pode financiarse integramente contra a baixa.
- Para dar cumprimento ao establecido nas Bases Reguladoras do Programa ReacPon, en canto á obriga dos concellos beneficiarios de comunicarlle á



Deputación a obtención doutras subvencións para a mesma finalidade, na data 20/01/2023 o concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023003249) a comunicación da notificación da proposta de resolución provisional do Instituto para la Diversificación y el Ahorro de Energía (IDAE), adscrito ao Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (MITECO) de 02/12/2022, proponendo unha axuda para o Concello do Rosal por importe máximo de 1.055.540,30€, dentro do “Programa de ayudas para inversiones a proyectos singulares locales de energía limpia en municipios de reto demográfico” (Programa DUS 5000), no marco do “Programa de Regeneración y Reto Demográfico” do “Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia” (PRTR), con destino ao financiamento da mesma actuación subvencionada mediante o Programa REACPON. Esta resolución provisional foi aceptada polo Concello do Rosal en data 22/12/2022. Na data 28/03/2023 o concello presenta no Rexistro da Deputación a resolución definitiva do IDAE de concesión da axuda (núm. rexistro WEB2023021721) e unha memoria descritiva co desglose dos custos (núm. rexistro WEB2023021812) (27.851,78€ dos 1.055.540,30€ da mencionada axuda corresponden a dirección facultativa da obra, control de seguridade e saúde, asistencia técnica para a redacción da memoria e servizo de asistencia para a tramitación e presentación da axuda, partidas non incluídas na subvención concedida ao Concello do Rosal ao abeiro do Programa REACPON).

- Na data 12/04/2023 a Secretaría Xeral informa favorablemente o expediente.
- Na data 17/04/2023, a Intervención provincial emite dilixencia de conformidade respecto do informe favorable da xefa do Servizo de Cooperación (KARQ2EMCBUTPU2BC) relativo á modificación do acordo de concesión para reaxustar o financiamento.
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello do Rosal para a execución da actuación denominada “Remodelación da Praza do Calvario” no marco do Programa ReacPon.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base reguladora 7^a do Programa ReacPon, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria, entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.d) da LSG, que establece como obriga do beneficiario comunicar ao órgano concedente ou a entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que houberan fundamentado a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Cláusula Sétima do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello do Rosal para a execución da actuación subvencionada, en concordancia coa Base 18ª das Bases Reguladoras do Programa ReacPon, que establece que o concello beneficiario obrígase a comunicar á Deputación, de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado, estatal ou internacional, con expresión da súa contía.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.



- Artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Cláusula Novena do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello do Rosal para a execución da actuación subvencionada, en concordancia coa Base 20ª das Bases Reguladoras do Programa ReacPon, que establece que a achega económica prevista no convenio, que ten carácter de subvención, será compatible con outras axudas públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade, outorgadas por esta Deputación ou por outras administracións públicas, sempre que o importe das mesmas sexa de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non supere o custo da actuación subvencionada. A obtención de subvencións doutras Administracións ou de achegas de particulares, suporá a diminución das achegas do Concello e da Deputación na mesma proporción á que represente a porcentaxe de financiamento asumida por estas.

Competencia para resolver

- A competencia correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, en virtude do artigo 33 da LRBRL e do 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓNS

Visto que a modificación non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

Visto que a modificación se tramita antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa ReacPon e que coa mesma non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.



Á vista da subvención concedida polo MITECO, a través do IDAE, ao abeiro do Programa DUS5000, e mantendo as porcentaxes asumidas pola Deputación e o concello, o financiamento da actuación subvencionada distribúese do seguinte xeito:

Orzamento total da actuación	1.518.474,44 €	
Aportación inicial da Deputación (REACPON)	517.938,05 €	
Porcentaxe aportación Deputación	34,11%	
Aportación do concello	1.000.536,39 €	
Porcentaxe aportación concello	65,89%	
Subvención MITECO (DUS5000) con honorarios	1.055.540,30 €	
Honorarios	27.851,78 €	
Subvención MITECO restando honorarios	1.027.688,52 €	
Importe restante a cofinanciar	490.785,92 €	
Mantendo as porcentaxes de financiamento		
	Achega	Porcentaxe
Deputación	167.402,69 €	34,11%
Concello	323.383,23 €	65,89%
Total	490.785,92 €	100,00%

Conforme á anterior táboa, a diferenza resultante entre a subvención inicialmente concedida pola Deputación (517.938,05€) e a subvención reaxustada (167.402,69€), que ascende a 350.535,36€, deixarase de dispoñer, no seu caso, do préstamo contraído.

Así mesmo, a modificación do financiamento suporá a modificación do Convenio, mediante a correspondente addenda, que recollerá o reaxuste das achegas entre a Deputación e o Concello do Rosal.

Á vista do reaxuste orzamentario, tramitaranse os expedientes que correspondan para o reintegro á Deputación das cantidades correspondentes.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito sinalados, o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 04/04/2023 (CSV: KARQ2EMCBUTPU2BC), o informe da Secretaría Xeral de 12/04/2023 (CSV: 33JRQRX4K039NNXJ), a dilixencia de conformidade de Intervención de 17/04/2023 (CSV: ONQKROO7U8JND9Y8), e o ditame favorable da



Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social o Pleno acorda por unanimidade:

- Aprobar a modificación do acordo de concesión dunha subvención ao Concello do Rosal para realizar a actuación “Remodelación da Praza do Calvario”, ao abeiro do Programa ReacPon, para reaxustar o financiamento.
A modificación do presente acordo suporá a modificación do Convenio, mediante a sinatura da correspondente addenda, a realización das operacións oportunas para minorar a disposición do préstamo contraído e a tramitación dos expedientes que correspondan para o reintegro á Deputación das cantidades que procedan.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello do Rosal, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

6.7987.- **APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMULADO DA ACTUACIÓN DENOMINADA “HUMANIZACIÓN DA RÚA TRAVESÍA EIRA DA LIÑAZA” PRESENTADO POLO CONCELLO DAS NEVES AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (EXPTES. 2021038244-2023029511)**

Sra. Presidenta.- No punto 6. Aprobación do proxecto reformulado da actuación denominada “Humanización da Rúa Travesía Eira da Liñaza” presentado polo Concello das Neves ao abeiro do Programa Reacpon. Non hai intervencións, someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello das Neves con destino á execución da actuación denominada “Humanización da rúa Travesía Eira da Liñaza”, segundo o proxecto redactado no mes de xullo de 2021 e emendado no mes de outubro de 2021, para dar cumprimento ao establecido no requirimento de emenda feito polo Servizo de Cooperación da Deputación, ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- O orzamento do investimento ascendía a 399.776,62€ e a subvención



concedida a 359.798,96€ (90%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 39.977,66€ (10%).

- De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. 2021007874 de 30/12/2021 aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 12/01/2022.
- Na data 23/03/2023 o concello presenta no Rexistro da Deputación (núms. rexistro WEB2023020169 e WEB2023020173) o proxecto reformulado asinado no mes de xaneiro de 2022 coa única finalidade de corrixir a gralla detectada no capítulo 5.2. do orzamento (Mobiliario Urbano), tanto no prezo como nas unidades a executar de cada partida, non afectando os cambios nin ao monto total do capítulo nin, polo tanto, ao orzamento total da obra.
- Na data 10/04/2023 o concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023024466) o certificado do acordo de aprobación do proxecto.
- Na data 12/04/2023 o concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023024817) un informe aclaratorio do autor do proxecto.
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon na sesión de data 13 de abril de 2023, acórdase que procede dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que os cambios límitanse á corrección dun erro detectado no capítulo 5.2 do orzamento (Mobiliario Urbano), no prezo e unidades a executar de cada partida, sen producir cambios nin no monto total do mencionado capítulo nin no orzamento total da obra. Os cambios no proxecto non alteran os aspectos técnicos, nin os obxectivos propostos da Axenda 2030, nin as políticas panca afectadas e, polo tanto, non se modifica a puntuación obtida no proceso de baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.
- Na data 18/04/2023, a Intervención provincial emite informe favorable á modificación do acordo de concesión por cambio de proxecto do investimento obxecto de subvención.



- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello das Neves para a execución da actuación denominada “Humanización da Rúa Travesía Eira da Liñaza” no marco do Programa ReacPon.



Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria



por aplicación dos criterios de concesión.

- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Base reguladora 17ª do Programa ReacPon, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. Segundo a dita Disposición, a revisión de prezos, cando supoña un incremento dos custos, correrá a cargo do concello.

Competencia para resolver

- A competencia correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, en virtude do artigo 33 da LRBRL e do 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓNS

O proxecto reformulado presentado polo concello (aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 1 de marzo de 2022), asinado no mes de xaneiro de 2022, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorga a axuda económica da Deputación.

O orzamento do proxecto reformulado correspóndese co orzamento do proxecto inicial, manténdose invariable o importe da subvención concedida.

A Comisión de persoas expertas acorda dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que os cambios introducidos non modifican nin o orzamento de licitación nin a puntuación obtida no proceso de baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa ReacPon e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión



da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos sinalados, a acta da sesión da Comisión de persoas expertas de 13/04/2023 (CSV: SE8NFBQSQXMKG00K), o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 14/04/2023 (CSV: Z9B4OS4OGXJVREVV), o informe favorable de Intervención de 18/04/2023 (CSV: ZRFPFNO5ZBOQ1IBL), e o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social (CSV: V54CQ3YQK2SKORVG), o Pleno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto reformulado da actuación denominada “Humanización da rúa Travesía Eira da Liñaza” presentado polo Concello das Neves ao abeiro do Programa ReacPon.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello das Neves, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

7.7988.- **APROBACIÓN DO SEGUNDO PROXECTO REFORMULADO DA ACTUACIÓN DENOMINADA “MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO” PRESENTADO POLO CONCELLO DE MEAÑO AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (EXPTES. 2021040005-2023029513)**

Sra. Presidenta.- No punto 7. Aprobación do segundo proxecto reformulado da actuación denominada “Mellora eficiencia enerxética e acondicionamento de pavillón de deportes de Meaño” presentado polo Concello de Meaño ao abeiro do Programa Reacpon. Someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado



na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrència competitiva ao Concello de Meaño con destino á execución da actuación denominada “Mellora eficiencia enerxética e acondicionamento de pavillón de deportes de Meaño”, segundo o proxecto redactado no mes de xullo de 2021 e emendado no mes de setembro de 2021, para dar cumprimento ao establecido no requirimento de emenda feito polo Servizo de Cooperación da Deputación, ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia) (expte. 2021025615).

- O orzamento do investimento ascendía a 450.400,72€ e a subvención concedida a 360.320,58€ (80%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 90.080,14€ (20%).
- De acordo co previsto na base reguladora 7^a.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. 2022000335 de 20/01/2022 aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 31/01/2022. Na súa cláusula 5^a recóllese que o concello deberá remitir á Deputación a solicitude xustificada de modificación do convenio de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación suficiente á finalización do prazo de execución concedido, a Deputación analizará a viabilidade da modificación e autorizará, no seu caso, a sinatura da addenda, previa instrución do correspondente expediente. Unha vez autorizada e aprobada a modificación por ambas partes, firmárase a correspondente addenda.
- Na data 11/02/2022, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, o concello solicita unha subvención por importe de 90.080,14€ con destino ao financiamento da achega municipal ao Programa REACPON para a execución da dita actuación, subvención que foi concedida mediante acordo 8.31424 adoptado na sesión ordinaria da Xunta de Goberno de data 11/03/2022.
- Na data 12/07/2022 o concello presentou no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2022039727) un proxecto reformulado do proxecto inicial emendado o 14/07/2022 (núm. rexistro WEB2022040036), no que o orzamento aumentaba en 53.398,18€ (11,86%), ata o importe de 503.798,90€. Na mesma data (núm. Rexistro WEB2022040036), o concello tamén presentou unha certificación do acordo do Pleno da corporación municipal, de



aprobación do proxecto reformulado e do compromiso de asumir o financiamento do incremento do orzamento. O dito proxecto aprobouse polo Pleno da Deputación, mediante o acordo núm. 4.7830 de data 29 de xullo de 2022. Mediante a resolución presidencial núm. RP2022006892 de 28/09/2022 aprobouse a correspondente Addenda ao Convenio, a cal se asinou o 29/09/2022.

- Na data 26/10/2022 o concello adxudica a Obras Gallaecia, S.L. a realización do investimento por un importe de 503.798,90€, formalizándose o contrato administrativo o 28/10/2022.
- Na data 04/04/2023 o concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023023650) a solicitude dunha segunda addenda ao convenio debido á modificación do proxecto, como consecuencia da aparición de amianto na realización dos traballos previos, o que motiva a inclusión da partida de retirada do fibrocemento con amianto existente na cuberta (para o tratamento e eliminación do material contaminado) e provoca a solicitude de resolución do contrato por mutuo acordo por parte da empresa adxudicataria, e achega o novo proxecto reformulado e o certificado do acordo do Pleno municipal de aprobación do dito proxecto e do compromiso de financiamento da contía non financiada mediante o Programa ReacPon e o Plan Concellos 2022-2023. O orzamento do novo proxecto incrementase en 98.601,63€ (19,57%) respecto do anterior reformulado, ata o importe de 602.400,53€ (resultando un incremento do 33,75% respecto do proxecto inicial).
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon na sesión de data 13 de abril de 2023, acórdase que procede dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que, tras a aparición de amianto na realización dos traballos previos, a Dirección Facultativa propuxo a redacción dun modificado para recoller o tratamento e a eliminación do material contaminado. Ante esta situación o adxudicatario solicitou a resolución do contrato por mutuo acordo e o concello instou á redacción do proxecto reformulado. Os cambios no proxecto non alteran os aspectos técnicos, nin os obxectivos propostos da Axenda 2030, nin as políticas panca afectadas, nin a eficiencia enerxética do edificio e, polo tanto, non se modifica a puntuación obtida no proceso de baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.



- Na data 18/04/2023, a Intervención provincial emite informe favorable á modificación do acordo de concesión por cambio de proxecto do investimento obxecto de subvención.
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).



- Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Meaño para a execución da actuación denominada “Mellora eficiencia enerxética e acondicionamento do pavillón de deportes de Meaño” no marco do Programa ReacPon.

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación



da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.

- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Base reguladora 17ª do Programa ReacPon, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. Segundo a dita Disposición, a revisión de prezos, cando supoña un incremento dos custos, correrá a cargo do concello.

Competencia para resolver

- A competencia correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, en virtude do artigo 33 da LRBRL e do 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓNS

O novo proxecto reformulado presentado polo concello (aprobado polo Pleno da corporación municipal de data 31 de marzo de 2023), non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorga a axuda económica da Deputación.

O concello asume o compromiso de financiamento do incremento do orzamento do investimento, manténdose invariable o importe da subvención concedida inicialmente, conforme ao seguinte detalle:

	Primeiro reformulado	Segundo reformulado
Orzamento	503.798,90€	602.400,53€



Subvención Programa ReacPon	360.320,58€	360.320,58€
Importe cofinanciado (Plan Concellos 2022/23, liña 1)	90.080,14€	90.080,14€
Importe cofinanciado (concello)	53.398,18€	151.999,81€
% Subvención ReacPon / orzamento	71,52%	59,81%

A Comisión de persoas expertas acorda dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que os cambios introducidos, que incrementan o orzamento de licitación nun 19,57% respecto do anterior proxecto reformulado (cun incremento acumulado do 33,75% respecto do proxecto inicial) non modifican a puntuación obtida no proceso de baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa ReacPon e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos sinalados, a acta da sesión da Comisión de persoas expertas de 13/04/2023 (CSV: SE8NFBQSQXMKG00K), o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 14/04/2023 (CSV: 8TSXDYH2CM3KEHCY), o informe favorable de Intervención de 18/04/2023 (CSV: V4AYST5NXVUOV00Y), e o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social (CSV: VFK4KA8Q253RF4CQ), o Pleno acorda por unanimidade:

- Aprobar o segundo proxecto reformulado da actuación denominada “Mellora eficiencia enerxética e acondicionamento de pavillón de deportes de Meaño”, presentado polo Concello de Meaño ao abeiro do Programa REACPON.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Meaño, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.



8.7989.- **CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DE CUNTIS DUN TREITO DA ESTRADA EP-8402 CUNTIS-CEQUERIL E DA EP-8405 PORTELA-COUSELO (EXPTE. 2020041361)**

Sra. Presidenta.- No punto 8. Cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Cuntis dun treito da estrada Cuntis-Cequeril e Portela-Couselo. Someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

“Antecedentes:

O Concello de Cuntis e a Deputación de Pontevedra asinaron o 3 de maio de 2021 un Convenio de colaboración para a execución do proxecto “Mellora da seguranza viaria na EP-8402 Cuntis–Cequeril, rúa da Palma”.

Conforme á súa cláusula quinta 5) o convenio ten o carácter de solicitude de inicio do procedemento de transferencia ao concello dun treito inicial da estrada provincial EP-8402 Cuntis–Cequeril, de 320 metros lineais e da totalidade da estrada provincial EP-8405 Portela–Couselo.

Consideracións.

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

2ª Motivación.

O 15 de marzo de 2023 o director de Infraestruturas e Vías Provinciais informou favorablemente o cambio de titularidade a prol do concello das anteditas transferencias e estimou o valor patrimonial das vías obxecto da presente proposta de cambio de titularidade en tres millóns catrocentos trinta e cinco mil setecentos cincuenta e seis euros (3.435.756,00 €).



No informe emitido motívase o cambio de titularidade de acordo co disposto no preámbulo e no artigo 9 da LEG e no artigo 18 do RXEG. Así, sinalase que:

“No que respecta ao treito inicial da EP-8402 Cuntis–Cequeril, do PK 0+000 ao PK 0+320, chamada polo rueiro municipal como Rúa da Palma, trátase dun treito que discorre de xeito íntegro por solo coa clasificación urbanística de solo urbano, tendo o seu inicio no centro de Cuntis, confluencia da estrada de titularidade estatal N-640 e a Rúa da Igrexa, rematando na intersección co denominado como Camiño do Mesego.

Nestes primeiros 320 metros a estrada provincial ten unha elevada densidade edificatoria en ambas marxes, a sección media é aproximadamente duns 11 metros de ancho conformando aliñacións consolidadas polos peches e edificacións existentes. Logo da execución das obras previstas no proxecto de “Mellora da seguranza viaria na EP-8402 Cuntis–Cequeril, Rúa da Palma” este primeiro treito da estrada, do p.q. 0+000 ao p.q. 0+320 acadou unha configuración física e funcionalidade tipolóxica de vía urbana.

Esta proposta de cambio de titularidade mantén, á vez, o servizo público viario existente e a continuidade dos itinerarios dos que forman parte, logo que trátase do primeiro treito da estrada provincial, aos efectos de dar cumprimento ao previsto polo apartado 11 do artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.

Por outra parte, a estrada provincial EP-8405 Portela–Couselo, é unha estrada de conexión interior para os pequenos núcleos de poboación de Portela e de Couselo, tendo o seu inicio na estrada de titularidade estatal N-640 e o seu remate ao inicio do núcleo de Couselo. Esta estrada serve de xeito principal como acceso aos habitantes destes núcleos e non está integrada na malla de comunicacións interurbanas, sendo recentemente mellorada no que respecta á seguridade viaria mediante a execución dunha cuneta de seguridade remontable de formigón, tres redutores físicos de velocidade de vehículos (RFVV), a reposición do firme e a actualización da sinalización horizontal e vertical.

Así pois, logo das intervencións feitas nestas estradas e dada conta da realidade física actual considérase que xa non teñen o carácter e funcionalidade vertebradora do viario provincial, nin de servizo para as comunicacións



interurbanas, senón que pola súa tipoloxía, características técnicas, funcionais e de utilidade son totalmente asimilables ao viario urbano ou rúas de titularidade municipal ao servizo da mobilidade interior de tipo urbano.

Por todo o anterior, e logo que con estes cambios de titularidade o Concello de Cuntis poderá garantir un mellor mantemento e explotación destas estradas ou treitos delas, de carácter e funcionalidade municipal e co obxecto de contribuír a facilitar unha completa adaptación das mesmas á súa realidade funcional, así como para levar un control máis directo sobre elas para evitar posibles ocupacións indebidas do dominio público.”

3ª Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade e procedemento.

O artigo 9.4 da LEG e o 18. 1 do RXEG establece que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, logo do acordo das administracións afectadas.

De acordo co artigo 9.6 da LEG 18.3 do RXEG os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade publicaranse no Diario Oficial de Galicia (DOG) e serán efectivos dende o día seguinte ao da súa publicación.

A formalización realizarase mediante acta de entrega subscripta polas administracións interesadas (art. 18.6 RXEG). De ser o caso de que no prazo de tres meses dende a publicación do decreto de aprobación do cambio de titularidade, non se asinase a acta de entrega polas administracións cedente e cesionaria, abondará con que a primeira a asine unilateralmente, facendo constar o ofrecemento formal, para entender formalizada a cesión para os efectos derivados da mesma (art. 18.7 RXEG). As actas de entrega publicaranse no DOG e no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), para os efectos do seu coñecemento por terceiros.

O artigo 33.2.ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno da Deputación as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2.ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.



Igualmente, de acordo co artigo 70.14 do ROF, correspóndelle ao Pleno da Deputación a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición incluída a cesión gratuíta a outras administracións.

Conforme ao disposto nos artigos 3.3.a) e 4.1.b) 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención.

Polo indicado, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas Viarias e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Cuntis do treito inicial, de 320 metros lineais, da estrada provincial EP-8402 Cuntis–Cequeril e da estrada provincial EP-8405 Portela–Couselo, de 1.259 metros de lonxitude.

Ditos viarios incorpóranse á relación de estradas de titularidade do Concello de Cuntis, tal e como se sinala no artigo 10.6 da LEG.

Segundo.- Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto nos artigos 9 da LEG e 18 do RXEG.

Terceiro. Facultar á Presidenta da Deputación de Pontevedra para a sinatura da acta de entrega entre o Concello de Cuntis e a Deputación de Pontevedra.

9.7990.- **APROBACIÓN INICIAL DA TRANSFERENCIA DA ESCOLA DE CANTERÍA Á XUNTA DE GALICIA (EXPTES. 2023030767 – 2023022332)**

Sra. Presidenta.- No punto 9. Aprobación inicial da transferencia da Escola de Cantería á Xunta de Galicia. Ten a palabra o Sr. López Font para informalo e tamén me solicitou a palabra o Sr. Mosquera. Sr. Font, ten a palabra.

Sr. López Font.- Gracias Presidenta. Bos días a todas e todos. Logo de terse aprobado o protocolo xeral de intencións entre a Deputación e a Xunta de



Galicia en data 6/7/22 para que tanto a Finca de Lourizán como a Escola de Cantería pasen a formar parte da administración autonómica, hoxe estamos en disposición de traer á aprobación inicial a transferencia da Escola de Cantería desta Deputación á Xunta de Galicia. Dita transferencia inclúe as funcións, servizos e recursos persoais e materiais así como os bens, dereitos e obrigas dimanantes da mesma para a transformación da Escola de Cantería nun centro público docente e dependente da Xunta de Galicia. Esta cesión permitirá adecuar a súa organización e a oferta de ensinos aos postulados establecidos pola Lei orgánica 3/22, de 31 de marzo, de Ordenación, Integración da Formación Profesional e as demais normas do sistema educativo. É importante destacar que con este acordo o persoal que presta servizos na Escola de Canteiros de Poio pasará a depender da Xunta de Galicia, nos termos establecidos no Estatuto dos Traballadores e como non nas mesmas condicións que as que teñan a día de hoxe recoñecidas. Salientar tamén que este acordo foi sometido a consultas previas cos sindicatos que nunha reunión trasladaron a súa conformidade total, manifestando ademais o acordo dos propios traballadores. Importante tamén é destacar que os terreos nos que se sitúa a Escola seguirán pertencendo á Comunidade de Montes Veciñais de Man Común de San Salvador de Poio, subrogándose á Comunidade Autónoma no acordo de cesión formalizado no ano 96 e o seu anexo do ano 2006. Agradecer a disposición da Comunidade de Montes, que logo de ter reunións con eles para facilitarlles toda a información, entenderon perfectamente esta cesión facilitando a súa tramitación, a non poñer ningún tipo de obstáculo. Este acordo, de aprobación inicial, será sometido a información pública por un período de 20 días e no caso de que non se formularsen alegacións ou reclamacións quedará elevado a definitivo. A partir dese momento a Escola quedará adscrita á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que exercerá as funcións resultantes das súas competencias. Quero salientar a importancia deste acordo que partindo de colaboracións institucional vai permitir a transferencia dun centro educativo á administración con competencias propias en materia de educación, de acordo co disposto no artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia. Confiamos en que este novo avance conseguido poida supor a transferencia doutros centros vinculados á educación como o Centro integrado de formación profesional Carlos Oroza, Colexio de educación infantil e primaria Daría González i Centro de educación especial, todos eles ubicados na Cidade Infantil Príncipe Felipe. Asemade a titularidade e a xestión dos centros provinciais destinados a investigación como a Finca Mouriscade ou a Estación Fitopatolóxica de Areeiro. Con vontade política como levamos reclamando desde o ano 2016 todo é posible. Gracias.



Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Font. Sr. Mosquera, ten vostede a palabra.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sra. Presidenta. Bos días a todas e a todos. Voume, dado que o Pleno en principio non se estende moito, voume permitir, pois, contar un pouquiño e sacar as conclusións de todo este proceso ¿non?. Eu entrei aquí no ano 91 e estaba nomeado un Vicepresidente, que era Bernardo López Abadín, e que a súa función era a transferencia das, vamos, dos organismos ou dos centros que esta Deputación tiña que transferir á Xunta. De aquela estaba o Hospital Provincial xa estaba encarrilado, estaba encarrilado, e o resto pois o fracaso foi estrepitoso, ¿non?, foi estrepitoso porque a Xunta non quixo, non quixo daquela época 91-95. Dezaseis anos despois, máis ou menos, cando estaba o goberno de Pérez Touriño e Quintana na Xunta pois a Xunta aceptaba, aceptaba, e estaba de acordo en coller pois Mouriscade, Areeiro, Montero Ríos xa estaba, pero vamos, ceder a propiedade que o fixemos agora, e había algunha máis, Escola de Enfermería e demais, pero naquela ocasión pois non quixo a Deputación, non quixo, negouse a Deputación a aceptalo, está aí a hemeroteca para miralo. Afortunadamente, pois, agora a Xunta, bueno, pois, quere estes dous centros o que transferimos, o que acordamos no Pleno pasado, se non me falla a memoria, o de Montero Ríos e agora a Escola de Canteiros, bueno, como diría, e a Enfermería tamén, ¿non?, como diría, houbo algunha transferencia de estradas que quedou a medias, solamente foron dúas ou tres e ó final quedou todo parado xa a finais dos 90, pois, vamos, benvido sexa, ¿non?, ou sea, nunca é tarde se a dita é boa, pero, francamente, creo que estas decisións de, vamos, tomadas, as que se tomaron antes, por oportunidade, por pensar polo curto, creo que é un erro, o sea, creo que é un erro e había que ter certa, pois, certa altura de miras, non ten sentido que a Deputación xestione centros educativos, porque non é a súa especialidade nin é a súa finalidade, non ten sentido que xestione centros de investigación, porque non é a súa finalidade nin é a súa función e, polo tanto, pois bueno, pois non van a funcionar dunha maneira óptima. Quédannos moitas transferencias por facer e agardemos que esto pois abra a vía para novas transferencias e regularizar, digamos, a situación que creo que, tamén ó revés, pode haber perfectamente algunha dependencia ou sobre todo estradas da Xunta que perderon a funcionalidade, digamos, para ser estradas da Xunta, que igual temos que coller nós. Pero as complicacións normalmente son enormes, a xente non o entende, os cidadáns normais non entenden como pode haber estas dificultades, francamente eu tampouco o entendo, ou non o entendín no seu momento, non o entendín nin nos anos 90 nin despois, vamos,



nos anos 2005-2006, tampouco entendín, e bueno, pois en todo caso felicitarnos por poder chegar a bo fin e todas as que hai pendentes pois poder facelo. Non se trata de botarlle a culpa a uns e a outros, xa digo, que no seu momento, nun caso foi a Xunta a que non quixo, noutro caso foi a Deputación a que non quixo. Bueno, ó final chegamos a este, chegamos a este acordo que creo que é razonabel aínda que non sexan as máis urxentes, pero bueno, algo é algo e á parte creo que é algo substancial e creo que nos debemos felicitarse e a ver si seguimos por esta senda de ter altura de miras, mirar como organizar ben a administración e que cada quen se encargue das súas competencias que é a mellor maneira de exercelas, ¿non?

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Font. Bueno eu, Sr. Cubela, ten a palabra.

Sra. Cubela López.- Bos días, brevemente e ademais de que penso, si non é o contrario, que é o último pleno ordinario do mandato, polo tanto, aproveitar para despedir a actual corporación ós compañeiros i desexarlle a todo mundo moita sorte para as seleccións municipais. Non queda tan lonxe o Pleno de setembro do ano 19 en que o grupo provincial do Partido Popular nesta casa presentaba unha moción na que se instaba nunha cousa moi concreta ao Goberno Central a solicitar a modificación do catálogo de titulacións para que na Escola de Canteiros se creasen títulos propios. Bueno, pois, a nós é unha ledicia que neste Pleno, o último do mandato, se chegara a un acordo entre a Deputación e a Xunta, querémolo poñer en valor, para a transferencia deste centro á Institución Autonómica. Polo tanto, non nos queríamos quedar sin intervir nesta sesión, a verdade é que cando falte o Sr. Mosquera nas intervencións deste tipo vanse a botar de menos, porque ten unha hemeroteca moi larga e, polo tanto, pois vale para enterarse de moitas cousas. En definitiva, é unha boa cousa que neste mandato se transferira Lourizán, se transferira a Escola de Canteiros e oxalá que nalgún momento puntual se poidan chegar a máis acordos deste tipo coa Xunta de Galicia en defensa dos intereses da provincia, da Deputación i dos centros que son dependentes nestes momentos desta casa. Máis nada e moitas gracias.

Sra. Presidenta.- Eu tamén antes de someter a votación este punto quería facer un apartado de agradecementos porque hai a moita xente á que agradecerlle, que tanto o Pazo de Lourizán como tamén o poder adscribir a Escola de Enfermería que está xa en marcha para crear unha Facultade de Enfermería, como moi particularmente este punto que hoxe traemos de a transferencia da Escola de Cantería á Xunta de Galicia fora posible. En primeiro lugar, eu quero nomear ao



Vicepresidente e ao Conselleiro Román que iniciaron as charlas para ver si era posible poñela en marcha, a min me gusta nomear a quen fan as cousas creo, que cada un debe de levar os méritos que lle corresponde. Tamén moito aos servizos técnicos da Xunta e aos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra; nomeadamente ao Secretario que asistiu xunto a Martín, o responsable xurídico do Gabinete de Presidencia, a todas as reunións, foron reunións moi amables, na busca do acordo en cada unha das reunións, i unha enorme eficacia, porque foron moi poucos meses os que levou facer estas transferencias, porque o procedemento administrativo é moi complexo e, polo tanto, creo que hai que agradecerlles aos servizos técnicos a enorme boa labor que fixeron. Dende logo, tamén á Comunidade de Montes de Poio, porque, bueno, eles tamén defenden os seus lexítimos intereses, e, a cambio de nada, pois acordaron na súa assemblea a cesión para que se puidera subrogar á Xunta. O profesorado da Escola e o alumnado que están encantadas e encantados, porque era certo que precisamos dunha titulación oficial, porque eu estou segura que todo o traballo que ten que ver coa pedra ten futuro, porque á parte somos unha terra de pedra, con xente, historicamente, dos mellores do mundo, e non esaxero nada, que estamos traballando no capitolio e en tantos lugares relevantes, ¿non?, polo tanto tamén o meu agradecemento, ¿non?. E por último, tamén seguro que todos vostedes o saben, nós estamos traballando xa coa Xunta tamén nun protocolo de intencións para intentar, pois que os centros educativos reglados, que están instalados no Príncipe Felipe, pois poidan ser tamén transferida a súa xestión total, ¿non?. Polo tanto, eu creo que esa é a vía, a suma de voluntades, e procede a que se mellore a xestión, eu teño clarísimo que a Escola de Cantería formando parte agora da Formación Profesional reglada en Galicia vai a ter moitísimas máis oportunidades, polo tanto, van a gañar o alumnado, que é o que importa; igual que na Escola de Enfermería, vai a gañar tamén o alumnado si forma parte dunha Facultade, ¿non?, da Universidade da U. Vigo nas tres sedes: Vigo, Pontevedra e Ourense. Así que eu creo que este non é un tema menor, esto fala de que cando somos capaces de acordar as cousas melloran e eu quería facer ese recoñecemento i o trasladarei persoalmente ao Conselleiro e lles pido a vostedes que forman parte do partido que goberna na Xunta que lles trasladen que neste Pleno vai constar na acta, que algún día alguén estudiará, que tanto o Vicepresidente, o Sr. Mosquera, como o Sr. Román, iniciaron este procedemento e eu o quero recoñecer. E logo, tamén antes de despedir este Pleno me gustaría dicir unhas palabras de agradecemento porque este é o último Pleno ordinario. Así que agora si, someto a aprobación inicial a transferencia da Escola de Cantería á Xunta de Galicia. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.



Dada conta do Protocolo xeral de intencións para a transmisión da titularidade da Finca de Lourizán e da Escola de Cantería de Pontevedra á Comunidade Autónoma de Galicia asinado con data 6 de xullo de 2022 entre esta Deputación e a Xunta de Galicia, no que se establece a vontade de colaboración das partes asinantes a fin de promover os trámites necesarios para facer efectiva a cesión á Xunta de Galicia da Finca Lourizán e a Escola de Cantería de Pontevedra. Para iso establécese a necesidade de formalizar os instrumentos xurídicos que resulten máis adecuados para levar a cabo dita cesión e en concreto, reitérase a vontade da Deputación para realizar os trámites necesarios tendentes a levar a bo fin a efectiva transmisión da titularidade de ámbalas dúas para fins de uso xeral ou de servizo público, incluíndo así mesmo, os recursos persoais e materiais precisos para o exercicio da actividade.

Resultando que a Escola de Cantería está ubicada en terreos cedidos pola Comunidade de montes veciñais en man común da Parroquia de San Salvador de Poio segundo contrato de cesión celebrado o 18 de xullo de 1996. Dita cesión á Escola de Cantería (entón organismo autónomo local da Deputación Provincial de Pontevedra) foi de 33.160 m² libre de cargas e gravames, por tempo indefinido e de forma totalmente gratuíta e con destino á instalación na mesma da Escola de Cantería.

Posteriormente asínase con data 3 de agosto de 2006 un anexo ó citado contrato de cesión polo que a Escola de Cantería devolve, da superficie cedida, á Comunidade de montes veciñais en man común da Parroquia de San Salvador de Poio, a superficie de 2.030,70 m², motivado iso na non necesidade da Escola da totalidade da superficie e co fin de levar a cabo a ampliación dos viais e a construción dunha glorieta. A superficie segundo o Catastro é de 27.606 m² (referencia catastral: 36041A03506000000IPU).

Resultando que a Deputación realizou no ano 1999 en dito terreo obras de edificación (varias naves e un edificio docente) ocupando unha superficie de 5.860 m², segundo se establece no inventario de Bens e Dereitos.

Resultando que a Escola de Cantería ten natureza xurídica de dominio público de servizo público, non figurando inscritos os inmobles a nome desta Deputación no Rexistro da Propiedade.



Resultando que a Asemblea Xeral da Comunidade de montes veciñais en man común de San Salvador de Poio celebrada o 17 de marzo de 2023, acordou por unanimidade autorizar á Xunta de Galicia a subrogarse na posición da Deputación no contrato de cesión formalizado o 18/07/1996 co seu anexo de 3 de agosto de 2006 e así mesmo, autorizar a ampliación do destino do inmobile para poder destinarse a outros usos educativos.

Resultando que os servizos de Medio Ambiente e Recursos Humanos emiten informes con data 24 de abril e os Servizos de Contratación, Secretaría e Intervención con data de 25 de abril de 2023.

Resultando que en reunión de data 24 de abril de 2023 co Comité de Empresa, este foi informado sobre as condicións do traspaso do persoal.

Considerando o disposto no art. 47.2, h) da Lei 7/85, de 2 de abril.

Vistos os informes emitidos no expediente e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, o Pleno acorda por unanimidade:

1. Aprobar inicialmente a transferencia da Escola de Cantería desta Deputación á Xunta de Galicia. Dita transferencia inclúe as funcións, servizos e recursos persoais e materiais así como os bens, dereitos e obrigas dimanantes da mesma. A sede da Escola de Cantería, con referencia catastral: 36041A03506000000IPU, localízase na rúa Illa do Santo, 2 do Concello de Poio. A superficie catastral que ocupa a citada Escola é de 27.606 m².
2. O persoal adscrito á Escola de Cantería que se traspasa é o seguinte:

POSTO DE TRABALLO	Ocup	Traballador/a	RX	G R	Retribución	Xornada	H/s
MESTRE/A CONSTRUCCIÓN (T.P)	V	*** VACANTE ****	V	A1	6.428,19	16%	6h
MESTRE/A DEBUXO ARTÍSTICO (T.P)	DEF	RIERA TÁBOAS, MARTA	LF	A1	6.428,19	16%	6 h
MESTRE/A	PRO	SANTIAGO	LI	A1	6.428,19	16%	6 h



HISTORIA DO ARTE (T.P)	V	SUÁREZ, Mª LUZ					
MESTRE/A CANTEIRO/A	V	***VACANTE***	V	A2	35.312,39	100%	37,50
MESTRE/A CANTERÍA E ESCULTURA	DEF	COIA PIÑEIRO, MANUEL J	LF	A2	45.839,19	100%	37,50
MESTRE/A ESCULTURA	DEF	OTERO CHANTADA, ADRIÁN	LF	A2	34.521,06	100%	37,50
MESTRE/A MODELADO (T.P.)	DEF	BARREIRO BARREIRO, JORGE	LF	A2	8.285,06	24%	9 h
MESTRE/A MODELADO (T.P.)	DEF	ESPIÑO LÓPEZ, LUCÍA	LF	A2	8.285,06	24%	9 h
OFICIAL/A MAQUINARIA	DEF	VIDAL SANTOS, MANUELA	LF	C2	24.826,29	100%	37,50 h
OPERARIO/A SERV. VARIOS	DEF	FERNÁNDEZ SENRA, M.CARMEN	LF	E	26.919,90	100%	37,50 h

3. Dar de baixa no Inventario de Bens e Dereitos os inmobles e bens mobles obxecto desta transferencia.
4. Este acordo de aprobación inicial será sometido a información pública por un período de vinte días e no caso de que non se formularsen alegacións ou reclamacións quedará elevado a definitivo.
5. Facultar á Presidencia para que en nome e representación desta Deputación proceda á formalización de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente acordo.
6. A efectividade da transferencia obxecto deste acordo terá lugar coa acta de recepción.

10.7991.- **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Sra. Presidenta.- No punto 10. Asuntos fóra da orde do día. Que non hai. Pasamos polo tanto á parte de información e control.

Non houbo.



b) Parte de información e control:

11.7992.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE MARZO DE 2023 (EXPTES. 2023028620-2023028499)**

Sra. Presidenta.- No punto 11. Dar conta do informe de Intervención do período medio de pago a provedores correspondente ó mes de marzo de 2023. Non hai intervencións, polo tanto, dou por enterado ó Pleno.

A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de marzo de 2023, asinado pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con data 14 de abril de 2023, onde se deixa constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior.

Á vista deste precepto legal o Servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria



de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de marzo de 2023 que se expón a continuación:

PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES MARZO 2023

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Marzo	7,6432189738	6.002.899,77	7,1385376848	1.062.721,60	7,5673111833
Escola de Enfermería	Marzo	14,9737917003	2.575,52	0,0000000000	0,00	14,9737917003
Consorcio de Incendios e Salvamento	Marzo	16,6382047236	43.937,97	2,2017689503	2.246,53	15,9359802531
Consorcio Deza Tabeirós	Marzo	7,0949563300	4.436,25	12,5639217000	7.026,10	10,4472791596
TOTAL			6.053.849,51		1.071.994,23	7,6288603208

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que se cumpre co período medio de pago legalmente previsto.

Por todo o exposto, propónse dar conta ao Pleno da corporación do citado informe, previo, se procede, do seu ditame preceptivo por parte da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital.”

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, na sesión ordinaria do día 21 de abril de 2023 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de marzo de 2023 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno queda enterado do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de marzo de 2023 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes.



12.7993.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN RELATIVO Ó CUMPRIMENTO DURANTE O 1º TRIMESTRE DE 2023 DOS PRAZOS DE PAGO DE OBRIGAS EN RELACIÓN CO DISPOSTO NA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS (EXPTES. 2023028630-2023026500)**

Sra. Presidenta.- No punto 12. Dar conta do informe de Intervención relativo ó cumprimento durante o 1º trimestre do 23 dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Non habendo intervencións, tamén dou por enterado ó Pleno.

A Intervención con data 18 de abril de 2023, elaborou un informe asinado polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría e pola Viceinterventora, dando conta do cumprimento pola Deputación de Pontevedra, a Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e o Consorcio contra incendios Deza-Tabeirós, dos prazos de pago de obrigas durante o primeiro trimestre do 2023, en relación co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, onde se deixa constancia do seguinte:

“A Lei 15/2010 de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais establece no seu artigo 4º que as corporacións locais elaborarán un informe trimestral sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigas previstos en dita Lei, informe que debe remitirse aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, ao das Comunidades Autónomas que teñan atribuída a tutela financeira das entidades locais. Dita información poderá ser utilizada polas Administracións receptoras para a elaboración dun informe periódico e de carácter público sobre o cumprimento de prazos para o pago por parte das Administracións Públicas.

Á vista deste precepto legal o Servizo de Intervención elaborou o informe de cumprimento pola Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios da Comarca do Deza e Tebeirós dos prazos para o pago das obrigas correspondente ao 1º trimestre de 2023, que se expón a continuación:



INFORME DE CUMPRIMENTO DE PRAZOS PARA O PAGO DE OBRIGAS CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2023

1. Con referencia á data de conformidade da factura:

➤ Pagos realizados:

Pagos realizados	Período Medio pago (PMP) (días)	Pagos realizados no período			
		Dentro Período Legal Prazo		Fóra Período Legal Prazo	
		Nº Pagos	Importe total	Nº Pagos	Importe Total
Deputación de Pontevedra	8	2.948	13.119.139,43 €	17	23.715,80 €
Escola de Enfermería	8	11	50.268,64 €	0	0,00 €
Consortio Provincial	25	166	105.897,65 €	8	22.053,43 €
Consortio Deza e Tabeirós	5	42	17.797,81 €	0	0,00 €

➤ Facturas pendentes de pago:

Facturas pendentes de pago	Período Medio pendente pago (PMPP) (días)	Pendentes de pago no período			
		Dentro Período Legal Prazo		Fóra Período Legal Prazo	
		Nº operacións	Importe total	Nº operacións	Importe Total
Deputación de Pontevedra	6	439	1.118.716,39 €	4	9.369,50 €
Escola de Enfermería	0	1	57,85 €	0	0,00 €
Consortio Provincial	2	7	2.453,41 €	0	0,00 €
Consortio Deza e Tabeirós	13	20	7.026,10 €	0	0,00 €

2. Intereses de demora pagados:

Intereses de demora pagados	Número de pagos	Importe total intereses
Deputación de Pontevedra	0	0,00 €
Escola de Enfermería	0	0,00 €
Consortio Provincial	0	0,00 €
Consortio Deza e Tabeirós	0	0,00 €

En base ós cálculos detallados neste informe podemos concluír que se cumpre co prazo de pago a provedores legalmente establecido”.



A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, na sesión ordinaria do día 21 de abril de 2023 tivo coñecemento do contido do informe trimestral da Intervención sobre o cumprimento, pola Deputación de Pontevedra, Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios Deza-Tabeirós, durante o primeiro trimestre de 2023, dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 15/2010 de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

De acordo co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o Pleno queda enterado do contido do informe trimestral da Intervención sobre o cumprimento, pola Deputación de Pontevedra, Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios Deza-Tabeirós, dos prazos de pago de obrigas durante o primeiro trimestre de 2023.

13.7994.- **DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS PRESIDENCIAIS**

Sra. Presidenta.- No punto 13. Dar conta das Resolucións Presidenciais. Non hai tampouco intervencións. Queda o Pleno enterado.

Queda enterado o Pleno das seguintes:

- a) Relación de extractos de Resolucións Presidenciais rexistradas electrónicamente entre os días 28 de marzo e 24 de abril de 2023.
- b) Relación de extractos de Resolucións do ORAL comprendidas entre o 28 de marzo e o 24 de abril de 2023.

14.7995.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Sra. Presidenta.- E no último punto da orde do día. Rogos e preguntas. Non hai rogos e preguntas, polo tanto, antes de rematar este Pleno, como Presidenta da Deputación e como a persoa que preside este Pleno, eu quero agradecerlle a cada un e cada unha das deputados e deputadas o traballo desenvolvido durante este mandato. Temos tido discrepancias, como é normal, na práctica política, normalmente fomos quen de ter unha posición decorosa, respectuosa e en bo ton e eu tamén o quero agradecer e recoñecer. Quero darlle as grazas a todas as



deputadas e deputados, particularmente ás que non van a repetir en listas electorais, o que supón que non van a estar como deputados e deputadas nesta administración provincial, desexarlles que sexan moi felices, que é o único que importa na vida, eu como son unha señora maior cada día o teño máis claro, que hai que intentar vivir, que hai moitísimas cousas que facer na vida que dan moita satisfacción e, permítanme porque moi particularmente hai unha persoa a que eu considero unha moi boa persoa, que lle teño un aprecio moi, moi profundo, que foi voceiro do Partido Socialista neste Pleno, nesta administración provincial, na oposición, e que agora pois desenvolveu durante estes 8 anos diferentes cargos, que é Santos Héctor, que deixa a política activa, e que eu teño unha dobre sensación, unha de que vai a ter unha grande vida, pero por outra parte, pois a tristeza de non poder contar con el como colaborador no futuro, moitas grazas, creo que vostede foi un digno representante público nesta administración, un home de bo talante, ten moi bo talante, eu ás veces lle decía, “que tes demasiado bo talante”, pero ten bo talante e hai que agradecerlo, e todo o meu cariño, seguímonos vendo na vida. E tamén quero nomear ó Sr. Marnotes, que ademais foi voceiro no Concello de Vigo, e que é funcionario público, e que, bueno, nos atoparemos en moitos lugares e ata seremos capaz de brindar pola vida cunha caña ben tirada na nosa cidade ou tamén nesta de Pontevedra, así que tamén grazas polo traballo. É probable que teñamos que ter un extraordinario breve, ¿non?, para pechar o mandato pero este é o último ordinario e agradezo moito ó Sr. Cubela que tamén que vostede despedira en bo ton, eu creo que isto á xente lle gusta, eu creo que gañamos todas e todos. Así que nos reíamos a Sra. Pardo e eu pola súa, polo seu desexo de que nos vaia ben a todos nas seleccións, cada un dos grupos que está aquí quere que lle vaia ben a el, i é lóxico, pero bueno que esta sexa unha precampaña e unha campaña donde poidamos contar que queremos facer en cada un dos lugares onde nos presentamos. Así que grazas a todas e a todos. E nada, levantamos a sesión.

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta, sendo as doce horas e corenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará a Ilma. Sra. Presidenta comigo, o Secretario, que dou fe.

